

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de marzo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de marzo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(278).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de marzo de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(279).- PROPOSTA DE ADMISIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS ANO 2009 PRESENTADA FÓRA DO PRAZO ESTIPULADO. EXPTE. 3547/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.03.10, conformado polo concelleiro de cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 18 de maio de 2009 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases e convocatoria de subvencións para programas de actividades Socioculturais ano 2009. Expte. 2992/335.

Con data 13 de outubro de 2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a resolución da convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais realizados no ano 2009. Expte. 3306/335.

A entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TRAVIESAS DE VIGO CIF: G-36847861 presentou a xustificación for a do prazo estipulado (15 de febreiro de 2010) alegando como motivo cambios na estrutura da Xunta Directiva da asociación.

Por todo o antedito, coa conformidade do Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Admitir fora do prazo estipulado (15 de febreiro de 2010) a xustificación de subvención a favor da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TRAVIESAS DE VIGO CIF: G-36847861 por importe total de 1.281,20 € en concepto realización das actividades “Travesas en Imaxes” e “Artesanía en Travesas”, atendendo á motivación de cambio na estrutura da Xunta Directiva da Asociación exposto no escrito adxunto ao expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(280).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2010. EXPTE. 3533/335.

Mediante providencia de data 1.03.10, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Animación Sociocultural durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2009, que son os seguintes:

Expte: 3314/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA PARA O CICLO DE PANXOLIÑAS

Decreto concelleiro data: 15/10/2009

Informe Intervención: RCM 66088

Adxudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

Importe: 7.441,40 EUROS

Expte: 3317/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN DE CARTEIRO REAL PARA BARRIOS, PARROQUIAS E CENTROS COMERCIAIS
Decreto concelleiro data: 22/10/2009
Informe Intervención: RCM 62519
Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN
Importe: 14.795,80 EUROS

Expte: 3320/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGA NIZACIÓN E ACTUACIÓNS PARA O CONCERTO DE CORAIS DO NADAL
Decreto concelleiro data: 27/10/2009
Informe Intervención: RCM 64912
Adxudicatario: ACOPOVI
Importe: 4.500,00 EUROS

Novembro

Expte: 3323/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O CONCERTO DE FITO & LOS FITTIPALDI
Decreto concelleiro data: 03/11/2009
Informe Intervención: RCM 66091
Adxudicatario: ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS
Importe: 17.400,00 EUROS

Expte: 3323/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O CONCURSO VENDE COS REIS MAGOS
Decreto concelleiro data: 10/11/2009
Informe Intervención: RCM 66182
Adxudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD
Importe: 17.197,87 EUROS

Expte: 3336/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA OS CONCERTOS DE PANXOLIÑAS E BANDAS DE MÚSICA
Decreto concelleiro data: 10/11/2009
Informe Intervención: RCM 66186
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL
Importe: 1.979,42 EUROS

Expte: 3337/335. CONTRATACIÓN DE INCHABLES E BARCOS PARA VIGOLANDIA
Decreto concelleiro data: 10/11/2009
Informe Intervención: RCM 66187
Adxudicatario: SILSANDE
Importe: 8.508,00 EUROS

Expte: 3338/335. CONTRATACIÓN DO ESPAZO INFANTIL “O MUNDO DE CARBONILLA” PARA VIGOLANDIA
Decreto concelleiro data: 10/11/2009
Informe Intervención: RCM 66188
Adxudicatario: MEKANÉ DIDÁCTICA

Importe: 8.132,00 EUROS

Expte: 3339/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓNS PARA VIGOLANDIA

Decreto concelleiro data: 10/11/2009

Informe Intervención: RCM 68855

Adxudicatario: RIVEL ANIMACIÓN

Importe: 6.579,00 EUROS

Expte: 3324/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE, DECORACIÓN E ANIMACIÓN EXTERIOR PARA A CARPA MÁXICA

Decreto concelleiro data: 11/11/2009

Informe Intervención: RCM 68624

Adxudicatario: MANUEL CASTRO LIMA

Importe: 15.880,00 EUROS

Expte: 3325/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OBRADOIROS E ESPECTÁCULOS PARA A CARPA MÁXICA

Decreto concelleiro data: 11/11/2009

Informe Intervención: RCM 66330

Adxudicatario: MANUEL CASTRO LIMA

Importe: 19.140,00 EUROS

Expte: 3340/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERSOAL AUXILIAR DE ATENCIÓN AO PÚBLICO PARA VIGOLANDIA

Decreto concelleiro data: 11/11/2009

Informe Intervención: RCM 66189

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL

Importe: 2.049,31 EUROS

Expte: 3341/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O NADAL

Decreto concelleiro data: 11/11/2009

Informe Intervención: RCM 66331

Adxudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD

Importe: 14.592,73 EUROS

Expte: 3343/335. CONTRATACIÓN DE PISTAS DE SLOTS PARA VIGOLANDIA

Decreto concelleiro data: 13/11/2009

Informe Intervención: RCM 68881

Adxudicatario: PATRICIA SOTO - COMUNICA

Importe total: 7.632,80 EUROS

Expte: 3346/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E IMPRESIÓN DE AXENDAS PARA ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS

Decreto concelleiro data: 13/11/2009

Informe Intervención: RCM 70009

Adxudicatario: DESOÑOS

Importe total: 7.410,08 EUROS

Expte: 3326/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E ACTUACIÓNS PARA O PROGRAMA DE RANCHOS DE REIS NAS RÚAS
Decreto concelleiro data: 16/11/2009
Informe Intervención: RCM 68218, 68220, 68221, 68222 E 68223
Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO E CATRO ASOCIACIÓNS DE RANCHOS
Importe total: 18.392,60 EUROS

Expte: 3344/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE E MATERIAL GRÁFICO PARA A EXPOSICIÓN “MULLERES NO BICENTENARIO DE VIGO”
Decreto concelleiro data: 16/11/2009
Informe Intervención: RCM 68229 E 68234
Adxudicatario: OSIGAL E DESOÑOS
Importe total: 15.838,64 EUROS

Expte: 3349/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPO DE ANIMACIÓN DE RÚA PARA O NADAL
Decreto concelleiro data: 16/11/2009
Informe Intervención: RCM 68626
Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE
Importe total: 4.000,00 EUROS

Expte: 3342/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CON ESFERA PARA VIGOLANDIA
Decreto concelleiro data: 18/11/2009
Informe Intervención: RCM 68887
Adxudicatario: PLUSSPORTS
Importe total: 3.980,00 EUROS

Expte: 3345/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDICIÓN DO LIBRO “AS MULLERES NO BICENTENARIO DE VIGO”
Decreto concelleiro data: 23/11/2009
Informe Intervención: RCM 71046, 71049 E 71050
Adxudicatario: DESOÑOS, AMADA TRABA E NATALIA PONCELA
Importe total: 15.751,96 EUROS

Decembro

Expte: 3386/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA AS ACTUACIÓNS EN VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 17/12/2009
Informe Intervención: RCM 78875
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe total: 12.485,37 EUROS

Expte: 3387/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN DE RÚA PARA A PORTA DO SOL CON MOTIVO DAS FESTAS DO NADAL 2009
Decreto concelleiro data: 18/12/2009
Informe Intervención: RCM 79465
Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
Importe total: 18.000,00 EUROS

Expte: 3392/335. CONTRATACIÓN DE VIXILANCIA PARA A CARPA MÁXICA DA PRAZA DO REI (MES DE DECEMBRO)

Decreto concelleiro data: 22/12/2009

Informe Intervención: RCM 80792

Adxudicatario: SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.

Importe total: 2.045,19 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(281).- DESESTIMENTO DO REC. SUPPLICACIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA A SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES A D^a. ANA M^a MOURIZ MARTÍNEZ. EXPTE. 5860/111.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do titular da Asesoría Xurídica, do 23.02.10, no que se recolle a comparecencia de dona Ana Mouriz Martínez, a Xunta de Goberno local acorda:

Desistir do recurso de suplicación interposto polo Concello de Vigo contra a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº Dous de Vigo, de data 4 de decembro de 2009, no procedemento núm. 737/2009, seguido fronte ao Concello de Vigo a instancia de dona Ana María Mouriz Martínez, sobre recoñecemento de dereito e cantidades.

5(282).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 452/08. Demandante: D. JOSE A. ROJO FERREIRA. Obxecto: Resolución Xerencia municipal urbanismo. Ruina e orde de execución. Medidas cautelares. Estimación parcial.

• Sentenza do TSXG no rec. De apelación nº 4626/2009, interposto polo Concello de Vigo nº 4626/2009 contra o devandito auto. Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no RCA 222/2009 p.a. Demandante: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MARTINEZ GARRIDO Nº 61. Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo de 29.04.2009 recaído en expediente 1638/550. Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RCA 139/2008 p.o. Demandante: URBASER, S.A. Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da

totalidade das pretensións formuladas en escrito de 24.07.2008 sobre aboamento dos xuros de mora devengados polo retraso no pagamento das facturas emitidas como contraprestación e execución do contrato de concesión do servizo de recollida selectiva de lixo. Estimado o recurso. Inadmisible o recurso.

d) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 406/2009 (Proc. Abreviado). Demandante: ESTRELLA PAZ LAINEZ. Obxecto: reclamación patrimonial (Expte. Mpal. Nº 2213/243). Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 473/2009 (Proc. Abreviado) Demandante: MONTSERRAT CENTENO CORTÉS. Obxecto: resolución de 2/12/2009 desestimatoria de reclamación patrimonial (Expte. Mpal. Nº 2132/243).Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 491/2009 (Proc. Abreviado) Demandante: JOSEFINA SILVA MOREDA. Obxecto: reclamación patrimonial, desestimación presunta do rec. reposición contra resolución do Concelleiro delegado da Área de xestión municipal de 30/12/2008(Expte. Mpal. Nº 1540/243). Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 239/09 P.A. Demandante: D^a. ROSA M^a MARTÍNEZ TEIRA. Obxecto: resolución do 9-6-2009, reclamación patrimonial. Expte.: 1.925/243. Estimado parcialmente.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 201/09 P.A. Demandante: D. GERARDO VÁZQUEZ VIDAL (herdeiros de) Obxecto: Resolución do 27-04-2009 de Tesourería. Desestima recurso extr. de revisión contra Proc. Constrinximento. Expte.: 10231/700. Desestimado o recurso.

i) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 59/2010 P.A. Demandante: D. JOAQUÍN GONZÁLEZ VIDAL. Obxecto: Resolución presunta reclamación patrimonial. Expte.: 2226/243. Rematado o procedemento.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 291/2009 P.A. Demandante: D. DAVID ALFAYA MASSO. Obxecto: Resolución do 28 xullo 2009, SANCIÓN DE TRÁFICO. Expte.: 098647174. Estimado o recurso.

l) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 70/2009. Demandante: D. ANTONIO OJEA GABRIEL. Obxecto: Silenzo administrativo, procedemento sancionador por contaminación acústica.Expte.: 5024/306. Desestimento da actora.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(283).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2591/23, 1174/21, 2927/22.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Consuelo Covelo Casal. Expte. 2927/22.
- D. José Corbacho Carpintero. Expte. 2591/23.
- D^a. Mercedes Villanueva García. Expte. 1174/21.

7(284).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 3/1255, 1/90.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores as seguintes persoas:

- D^a. Isabel Sánchez Selas. Expte. 1255/03.
- D. Alvaro Carrera Iglesias. Expte. 90/01.

8(285).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2010. EXPTE. 50656/301.

Mediante providencia de data 4.03.10, en cumprimento do establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira delegado da Área de Benestar Social dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Benestar Social durante os meses de xaneiro e marzo de 2010, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / xaneiro e marzo de 2010

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
19/01/10	REPARACIÓN E MANTENEM- TO UBAS	2120000	201000001886	5.000,00	VIARIOS
19/01/10	ADQUISICIÓN MATERIAL ORD. NON INVENTARIABLE	2200000	201000001885	1.200,00	VIARIOS
22/01/10	LIBROS E OUTRAS PUBLICA- CIÓN	2200100	201000002223	1.400,00	VIARIOS
19/01/10	SUMINISTROS	2210900	201000001876	600,00	VIARIOS

22/01/10	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERÍA	2230000	201000002222	3.000,00	VARIOS
19/01/10	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	201000001881	2.000,00	VARIOS
17/02/10	PROGRAMA CINENSINO	2270608	201000006946	1.984,63	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
18/02/10	CURSO FORMACIÓN MEDIADORES	2270608	201000007227	1.100,00	MADRO
18/02/10	PROXECTO EU SON EU ALUMNOS DE 6º PRIMARIA	2270608	201000007230	1.680,00	ERGUETE
24/02/10	PROGRAMA PENELOPE COAS INTERNAS C.P. A LAMA	2270608	201000008607	13.000,00	ERGUETE
26/02/10	ESPECTÁCULO "ENREDADOS"	2270608	201000008768	9.560,45	PIKOR TEATRO
18/01/10	ADQUI. TOALLAS, MANTAS, PROTECTORES	2270609	201000001735	531,86	MANUEL SANCHEZ MAZAS
01/02/10	TOALLAS, MANTAS, ALMOFADAS, XOGOS DE CAMA	2270609	201000004159	675,54	MANUEL SANCHEZ MAZAS
15/02/10	ACTIVIDADES OCIO E TEMPO LIBRE	2270609	20100006680	12.000,00	ASOC. ABERTAL
11/02/10	SERVIZO TELETRADUCCIÓN	2270617	201000006457	9.121,08	DUALIA TELETRADUCCIONES, S.L.
19/01/10	EMISIÓN TARXETAS VISA-PREPGADO BONO TAXI	2270600	201000001819	4.000,00	CAIXAGALICIA

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(286).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA O ABOAMENTO DA LISTA DE ESPERA DE AXUDAS DE COMEDOR DO PROGRAMA AMES 2009-2010, ADXUDICADAS POR X.GOBERNO LOCAL O 24.08.09. EXPTE. 47994/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.02.10, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 24 de agosto de 2009 adoptou, entre outros, o acordo de "aprobar o listado das axudas de comedor, conceder becas a 1,268 alumnos/as, e a súa vez, aprobar a lista de espera onde se inclúen 582 alumnos/as" aos que se lles irá dando de alta a medida que exista dotación orzamentaria suficiente.

A Xunta de Goberno Local, adoptou con data 4 de novembro de 2009 o acordo de adxudicar, da lista de espera das axudas de comedor concedidas segundo resolución de XGL de 24 de agosto de 2009, e autorizar, para o ano 2009, o gasto de 9.000 € con cargo o saldo da partida 3130.481.00.00, e o gasto de 40.000 euros con cargo ó RC 2009.000.48335.

A fin de rematar o proceso de abono de Axudas Municipais Escolares no curso 2009-2010, na parte corespondente ao exercicio 2010, é necesario aprobar un gasto complementario de 46.000 €, con cargo ó saldo da partida 3130.481.00.00

Polo anteriormente exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar para o ano 2010 o gasto de 46.000 euros con cargo ó saldo da partida 3130.481.00.00 a fin de rematar o proceso de abono de Axudas Municipais Escolares no curso 2009-2010”

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(287).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18861/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 21.01.10, conformado polo concelleiro delegado de patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmoible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2010, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 12102112005 do vixente presuposto.

11(288).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA ANDURIÑA Nº 5. EXPTE. 18859/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 4.02.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Abonar a Comunidade de Propietarios de Anduriña nº 5, a cantidade de 697, euros, correspondente a debeda pendente por parte do Concello, dende xaneiro de 2009 ata xullo (incluído) de 2010, da vivenda cedida polo IGVS na rúa Anduriña nº 5, destinado a aloxamento alternativo de persoas en situación de emerxencia social.

12(289).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA ANDURIÑA Nº 21. EXPTE. 18860/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 4.0e.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña nº 21 bloques 2 e 4, en concepto de pago de cotas de comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade das prazas de garxe relacionadas, correspondentes a anualidade 2010, o importe de 480 euros. Dito importe será aboado na Cta. Bancaria nº 2080 0141 45 0000025060.

13(290).- SUBVENCIÓN A SINSALAUDIO S.L. E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 8. EXPTE. 12038/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 1.02.10, conformado polo xefe e o concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 22.000,00 € (vinte e dous mil euros) a SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, para o financiamento do Festival SINSAL 8, organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.470.00.02 “Convenio SINSALAUDIO Festival SINSAL”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSALAUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival SINSAL 8”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 8

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Luis Campos Alonso, na súa calidade de administrador solidario da sociedade SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, e con enderezo na rúa Menéndez Pelayo nº34, 1º izda., 36211 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará SINSALAUDIO.

MANIFESTAN

Que SINSALAUDIO, tal e como establecen os seus estatutos é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos, culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

Que SINSALAUDIO ven organizando desde o ano 2003 anos o Festival SINSAL, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interés público e social do Festival SINSAL, promovido por SINSALAUDIO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 4510.470.00.02 “Convenio SINSALAUDIO Festival SINSAL”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 22.000,00 €, a favor de SINSALAUDIO, CIF: B-36898369.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do Festival SINSAL 8.

SINSALAUDIO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade SINSALAUDIO, o Concello de Vigo e a dita entidade SINSALAUDIO conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a SINSALAUDIO pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival SINSAL 8.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 59.050,00 € (cincuenta e nove mil cincuenta euros). Estes gastos son estimativos, xa que de momento só está pechada a programación do primeiro semestre. Os ingresos previstos por SINSALAUDIO S.L. proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (22.000,00 €, 37,26 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e venda de entradas (37.050,00 €, 62,74 %).

SINSALAUDIO S.L. Comprométese a dar cumprida información ao departamento de Cultura sobre calquera modificación do orzamento de gastos e ingresos, así como do peche do programa definitivo en canto esto se produza.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival SINSAL 8 realizarase ao longo do ano 2010, estruturado en bloques segundo as catro estacións, e ten lugar nos seguintes espazos: Centro Cultural Caixanova, Museo de Arte Contemporánea de Vigo MARCO, Auditorio Vidal Bolaño da Universidade de Vigo e Museo do Mar.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE SINSALAUDIO.

- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.*
- Responsabilizarse da organización integral do Festival SINSAL 8, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.*
- Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival SINSAL 8.*
- Comunicar as incorporacións ao programa que se vaian pechando ao longo do ano en canto se teña constancia e remitir toda a información co obxecto de difundila nos soportes municipais pertinentes.*
- Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- SINSALAUDIO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
- A concesión da subvención a SINSALAUDIO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

- 1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival SINSAL 8 e colaborar na súa viabilidade.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a SINSALAUDIO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival SINSAL 8; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SINSALAUDIO deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

SINSALAUDIO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival SINSAL 8; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre SINSALAUDIO, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

SINSALAUDIO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival SINSAL 8. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias SINSALAUDIO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, SINSALAUDIO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

SINSALAUDIO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

SINSALAUDIO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SINSALAUDIO facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do festival SINSAL nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a SINSALAUDIO polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival SINSAL 8, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega, por importe de 11.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, xunto co programa do primeiro semestre, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*
- b) Unha segunda achega, tras a finalización do primeiro semestre por importe de 8.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*
- c) Unha terceira achega, ao finalizar o festival, por importe de 3.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro do 2010.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*

- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a primeira achega:

No caso de que no momento de tramitar a primeira achega a entidade beneficiaria non teña todavía facturas, pero sí gastos comprometidos, consideraranse pagamentos a conta ou anticipados aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento, debendo, en todo caso aportar as facturas derivadas destes compromisos no momento no que estean en poder do beneficiario e sempre antes do trámite da segunda achega.

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival SINSAL 8, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por SINSALAUDIO para financiar a totalidade do Festival SINSAL 8: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandising, etc.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo

a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival SINSAL 8, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSALAUDIO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SINSALAUDIO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por SINSALAUDIO para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de SINSALAUDIO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2010.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSA-LAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 8

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	22.000,00 €
Xunta de Galicia	10.000,00 €
Caixanova	9.000,00 €
MARCO	4.640,00 €
Venda de entradas (- SGAE)	13.410,00 €
TOTAL	59.050,00 €

GASTOS

Cachés	26.550,00 €
Hoteis	2.000,00 €
Dietas	1.500,00 €
Transportes	3.000,00 €
Producción técnica	12.000,00 €
Promoción	7.000,00 €
Producción artística	7.000,00 €
TOTAL	59.050,00 €

14(291).- SUBVENCIÓN A NOESCAFÉ TEATRO E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS. EXPTE. 12037/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 1.02.10, conformado polo xefe e o concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 60.000,00 € (sesenta mil euros) á Asociación Cultural Noescafé, CIF: G-36891323, para o financiamento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10, organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.489.00.05 “Convenio Noescafé Teatro.

2º.- Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé Teatro que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'10

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dna. María Dolores Correa Sobrido, na súa calidade de Presidenta da Asociación Cultural Noescafé Teatro, CIF: G-36891323, e con enderezo na rúa Pizarro 89, 6ºB, 36209 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará NOESCAFÉ TEATRO.

MANIFESTAN

Que Noescafé Teatro, tal e como establecen os seus estatutos ten como fins desenvolver e organizar actividades culturais, fomentar, promocionar e divulgar todo tipo de actividades relacionadas coas artes escénicas, difundir obras de autores que non teñan cabida dentro do teatro comercial e promover accións de carácter cooperativo e cultural con outras organizacións afíns, tanto nacionais como internacionais.

Que Noescafé Teatro ven organizando desde fai oito anos o Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt', amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, creando ciclos, programas e actividades paralelas e convertíndose nun referente nas artes escénicas non comerciais no panorama galego e nacional.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do Festival Alternativo das Artes Escénicas, promovido por NOESCAFÉ TEA-

TRO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 4510.489.00.05 “Convenio Noescafé Teatro”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00 €, a favor de Noescafé Teatro, CIF: G-36891323.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do Festival Alternativo de Teatro e Danza Alt'10.

Noescafé Teatro non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Noescafé Teatro, o Concello de Vigo e a dita entidade Noescafé Teatro conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a NOESCAFÉ TEATRO pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 105.030,00 € (cento cinco mil trinta euros). Os ingresos previstos pola Asociación Cultural Noescafé Teatro proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (60.000,00 €, 57,13 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de Noescafé Teatro (45.030,00 €, 42,87 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10 realizarase entre os días 11 e 20 de marzo de 2010 nos seguintes espazos: Casa das Artes, MARCO, CUVI, rúa, etc.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE NOESCAFÉ TEATRO.

1. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.*
2. *Responsabilizarse da organización integral do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.*
3. *Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10.*
4. *Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
5. *NOESCAFÉ TEATRO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
6. *A concesión da subvención a NOESCAFÉ TEATRO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. *Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10 e colaborar na súa viabilidade.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a Noescafé Teatro é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposi-

biliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre a Asociación Cultural Noescafé Teatro, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias Noescafé Teatro, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, NOESCAFÉ TEATRO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Noescafé Teatro facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do Festival ALT'10 nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a Noescafé Teatro polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega, por importe de 30.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.
- b) Unha segunda achega ao final do festival por importe de 30.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a primeira achega:

No caso de que no momento de tramitar a primeira achega a entidade beneficiaria non teña todavía facturas, pero sí gastos comprometidos, consideraranse pagamentos a conta ou anticipados aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento, debendo, en todo caso aportar as facturas derivadas destes compromisos no momento no que estean en poder do beneficiario e sempre antes do trámite da segunda achega.

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).

3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- b) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
 - c) *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por Noescafé Teatro para financiar a totalidade do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.*

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'10, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a Noescafé Teatro, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Cultural Noescafé Teatro para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de NOESCAFÉ TEATRO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2010.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'10

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

<i>Departamento de Cultura do Concello de Vigo</i>	60.000,00 €
<i>Xunta de Galicia</i>	30.000,00 €
<i>Caja Madrid</i>	3.000,00 €
<i>Universidade de Vigo</i>	3.000,00 €
<i>Instituto Francés</i>	700,00 €
<i>Noescafé Teatro</i>	5.000,00 €
<i>Billeteira (previsión)</i>	3.330,00 €
TOTAL	105.030,00 €

GASTOS

<i>Comunicación, publicidade</i>	
<i>Servidor</i>	150,00 €
<i>Deseño</i>	800,00 €
<i>Páxina web</i>	800,00 €
<i>Merchandasing</i>	600,00 €
<i>Material gráfico</i>	3.000,00 €
<i>Inserccións publicitarias</i>	1.500,00 €
<i>Fotocopias, encuadernacións</i>	300,00 €
<i>Vitrasa</i>	500,00 €
<i>Cuñas radiofónicas</i>	1.000,00 €
<i>Distribución</i>	1.500,00 €
<i>Subtotal</i>	10.150,00 €
<i>Programación artística</i>	
<i>Programa</i>	25.000,00 €
<i>Proxecto Políticas da Palabra. Edición 0</i>	6.000,00 €
<i>Audiovisuais</i>	2.000,00 €
<i>Galicia Presenta</i>	7.000,00 €
<i>Subtotal</i>	40.000,00 €
<i>Produción</i>	
<i>Hoteis</i>	5.000,00 €
<i>Dietas</i>	2.300,00 €
<i>Cameríns</i>	1.000,00 €
<i>Subtotal</i>	8.300,00 €

<i>Producción técnica</i>	
<i>Persoal auxiliar</i>	10.000,00 €
<i>Infraestructuras</i>	10.000,00 €
<i>Equipos de luz e son</i>	10.000,00 €
<i>Subtotal</i>	30.000,00 €
<i>Xestión</i>	
<i>Materiais</i>	600,00 €
<i>Transportes</i>	400,00 €
<i>Persoal</i>	2.000,00 €
<i>Oficina</i>	1.500,00 €
<i>Xestoría e administración</i>	1.500,00 €
<i>Subtotal</i>	6.000,00 €
<i>Galicia Presenta</i>	
<i>Hoteis e custos convidados</i>	3.000,00 €
<i>Persoal</i>	1.500,00 €
<i>Catálogo e agasallos</i>	700,00 €
<i>Xestión e comunicación</i>	1.000,00 €
<i>Subtotal</i>	6.000,00 €
<i>Varios</i>	
<i>Imprevistos e outros (5%)</i>	5.033,00 €
<i>Subtotal</i>	5.033,00 €
TOTAL	105.683,00 €

15(292).- PROPOSTA DE CAMBIO DE DATA DO EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO “FÚTBOL PARK COCA-COLA” QUE SE CELEBRARÁ O 2 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9328/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 2.03.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o cambio de data do evento deportivo denominado “FÚTBOL PARK DE COCA-COLA” que estaba previsto para o 28 de febreiro de 2010 (e que tivo que suspenderse por fenómenos metereolóxicos adversos) se celebrará o vindeiro 2 de maio de 2010, na pista de patinaxe de Samil, o evento comenizará as 11.00 horas e rematará as 19.00 horas (o montaxe comenizará as 06.00 horas e o desmontaxe rematará as 20.30 horas).

16(293).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR O IV CRITERIUM VIGO ATLÁNTICO (XXXVII GP SAN XOSÉ) O DÍA 27 DE MARZO DE 2010. EXPTE. 9372/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 8.03.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar o vindeiro sábado 27 de marzo de 2010, a volta ciclista denominada IV CRITERIUM VIGO ATLANTICO (XXXVII GP San Xosé), dito evento comenará ás 12.00 horas e rematará ás 20.00 horas aproximadamente, levándose a cabo pola rúa García Barbón entre o treito comprendido entre a glorieta de Isaac Peral e rúa Oporto.

17(294).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB DE CORREDORES DE VIG-BAY PARA ORGANIZAR O “XI MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIGO-BAY 2010” O DÍA 11 DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 9371/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 10.03.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro domingo, día 11 de abril de 2010, a proba deportiva denominada “XI Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2010”, que está previsto que se leve a cabo entre Vigo e Baiona, con saída da Avda. de Samil (dian- te do VERBUM) a partir das 10.30 horas e co percorrido pola Avda.de Samil en dirección a Canido, e Avda. Ricardo Mella, cara os concellos de Nigrán e Baiona.

18(295).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGOA INGLESA (PILIVIGO) ANO 2010. EXPTE. 11486/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Servizo de Educación, do 3.03.10, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos no programa de inmersión en lingua inglesa (PILIVIGO). Convocatoria 2010”, de acordo co texto que de seguido se transcribe e os anexos obrantes no expediente.

BASES E CONVOCATORIA 2010

PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO 2010) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeira.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 250 prazas en réxime de concorrencia competitiva (125 prazas en asignación directa entre o alumnado da rede pública solicitante segundo expediente administrativo nº 10410/332 ,e outras 125 prazas condicionadas á final resolución do concurso para a selección da empresa prestadora do servizo (expediente 11485/332, actualmente en tramitación no servizo municipal de Contratación), entre o alumnado do 3.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros docentes sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo para o curso 2009/2010, a fin de que participen no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO) 2010, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

O alumnado dos centros privados-concertados do municipio, accederá ás prazas que queden dispoñibles (dun máximo de 250) logo de adxudicalas preferentemente entre alumnado da rede pública solicitante que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no PILIVIGO 2010.

A finalidade do programa PILIVIGO é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- Estadía durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado en Irlanda ou Reino Unido, onde se desenvolverá o programa.*
- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).*
- Matrícula do curso de inmersión en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística e programa de integración en escolas públicas ou privadas do Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.*
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*
- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.*
- Aloxamento en casa de familias anfitriñas de fala inglesa.*
- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.*
- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.*
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.*

Segunda.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario do mesmo.

A contía máxima de cada praza é de 2.400,01 euros, que abarcará na súa totalidade o financiamento do programa educativo municipal PILIVIGO 2010, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e que será dinamizado por unha/s empresa/s especializada na prestación de programas de inmersión lingüística, mediante o concurso público convocado ao efecto.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 600.002,50 euros, con cargo á partida orzamentaria 442.0.227.06.17 de Aulas Internacionais (B.V.)

Terceira.- Programa xeral programa PILIVIGO 2010

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa PILIVIGO 2010 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.pilivigo.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- a) Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2009/2010.*
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO no curso 2008/2009.*
- c) Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.*
- d) Estar empadroado no Concello de Vigo durante o curso 2009/2010, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*
- e) Non ter sido beneficiario/a do programa PILIVIGO 2009, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*
- f) Ter DNI, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.*

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai, nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As prazas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, e as restantes solicitudes serán incluídas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta dun máximo de 250 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo dez destinos e máximo vinte centros educativos de integración diferentes no Reino Unido e Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2010 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións de orientación que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Na primeira semana impartirase un curso intensivo de inglés na localidade de destino para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante.

Na segunda e na terceira semanas terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas do Reino Unido e Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española. Os centros escolares estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Durante as dúas últimas semanas reservarase ademais cinco horas semanais en xornada de tarde para a continuidade do curso intensivo de inglés iniciado na primeira semana. Esta formación impartirase preferentemente nas mesmas dependencias do centro escolar ordinario no que o alumnado estea integrado.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa PILIVIGO 2010 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída será prioritariamente o de Vigo. No caso de que o aeroporto de saída fose outro (que non poderá estar a máis de 200 kilómetros de Vigo), a empresa adxudicataria do desenvolvemento do programa PILI trasladará o alumnado a este aeroporto desde os puntos que se determinen desde o Servizo de Educación.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias do Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa PILI do Servizo de Educación, ben no enderezo rúa Oporto n.º1, baixo (36201 Vigo), nos teléfonos 986 44 74 00 e 986 44 93 62, mediante o fax 986 44 93 79, ou a través do correo electrónico pili@vigo.org.

Cuarta.- Publicidade e prazo

A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa <http://www.pilivigo.org> e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada na páxina web específica do programa <http://www.pilivigo.org/> e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 22 de marzo ao 16 de abril, ambos inclusive. A resolución provisional da convocatoria publicarase a máis tardar o 30 de abril. A partir da data de notificación da concesión das prazas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo IV.

Quinta.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II e III) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, ou ben descargalos da páxina web <http://www.pilivigo.org/>.

A solicitude deberá ser asinada polo solicitante (pai, nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax á oficina do programa PILI (986.449.379) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo.

Documentación:

- a) Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polo solicitante, segundo modelo que figura no Anexo I.*
- b) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor do/a alumno/a adxudicatario/a en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia compulsada da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).*
- c) Certificación académica orixinal, segundo modelo que figura no Anexo II, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro sostido con fondos públicos do Concello de Vigo no curso 2009/2010, e con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 6, e de ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.*
- d) Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no Anexo III.*
- e) Fotocopia compulsada do DNI do solicitante (pai, nai ou titor legal) que asina a autorización do Anexo III.*
- f) Fotocopia compulsada do libro de familia ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais co achegamento do título de familia numerosa.*
- g) No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

Sexta.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétima.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante tres criterios:

- a) O correcto cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases.*

- b) *A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:*
- *Nota final: 6 → 1 punto*
 - *Nota final: 7 → 2 puntos*
 - *Nota final: 8 → 3 puntos*
 - *Nota final: 9 → 4 puntos*
 - *Nota final: 10 → 5 puntos*
- c) *A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, á que se aplicará o seguinte baremo:*
- *Categoría xeral → 1 punto*
 - *Categoría especial → 2 puntos*

No caso de se producir empates na puntuación final, estes resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerán dúas letras. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, pola orde de extracción. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. En caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Para o caso de que haxa prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Convócanse 250 prazas en réxime de concorrencia competitiva (125 prazas en asignación directa entre o alumnado da rede pública solicitante segundo expediente administrativo nº 10410/332 ,e outras 125 prazas condicionadas á final resolución do concurso para a selección da empresa prestadora do servizo (expediente 11485/332, actualmente en tramitación no servizo municipal de Contratación).

O alumnado dos centros privados-concertados do municipio, accederá ás prazas que queden dispoñibles (dun máximo de 250) logo de adxudicalas preferentemente entre alumnado da rede pública solicitante que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no PILIVIGO 2010.

Oitava.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada do Servizo de Educación, que actuará de presidenta, o xefe de servizo e o técnico responsable do programa, que actuará como secretario. Este órgano colegiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no PILIVIGO 2010.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Novena.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://www.pilivigo.org/>, no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos institutos públicos de Educación Secundaria de Vigo.

O prazo de resolución e notificación das prazas non excederá de 15 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Décima.- Aceptacións e renunciacións

Os alumnos e alumnas que resulten adxudicatarios das prazas para participar no programa PILIVIGO 2010 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no Anexo IV nun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da concesión da praza.

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo IV, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 8 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de PILIVIGO a documentación necesaria para a realización da viaxe, perderá a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Décimo primeira.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas.

Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo segunda.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso

potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceira.- Disposición adicional

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Segundo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.

Décimo cuarta.- Disposición final

En todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será de aplicación o regulamento de réxime interno que será establecido polo Concello de Vigo.

19(296).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ASPANAEX CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA XXVI MARCHA ASPANAEX. EXPTE. 77492/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.03.10, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de setembro de 2009 por parte de Beatriz Macías López, Directora de ASPANAEX con NIF G36605905, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da XXVI Marcha Aspanaex, por non producirse danos.

20(297).- SERVIZO URBANO DE TRANSPORTE Á CIDADE UNIVERSITARIA MEDIANTE LANZADEIRAS DENDE A PRAZA DE ESPAÑA E PRAZA DE AMÉRICA PARA O ANO 2010. EXPTE. 77450/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 10.03.10, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Manter a modificación do sistema de transporte á Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante lanzadeiras dende a praza de España e praza da América implantado na data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2010, as seguintes condicións:

LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA

franja horaria	Frecuencia	Coches	Viaxes
8:10 a 9:10	10´	6	12
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:10 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		78	

LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA

Franxa horaria	frecuencia	coches	Viaxes
8:10 a 9:10	15´	4	8
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		74	

TOTAL DE VIAXES POR DÍA EN AMBAS LANZADEIRAS	152
--	-----

1 viaxe cotiá praza de América-Cidade universitaria por Valadares ás 8,10 horas.

Os transbordos coas lanzadeiras poderán realizarse durante un prazo de 75 minutos dende a cancelación do primer viaxe.

2) Como contraprestación económica polo servizo prestado practicarase unha liquidación mensual coa seguinte fórmula:

$$(P_k * (K_n/D_n - K_o/D_o) - P_{bn} * (U_n/D_n - U_o/D_o)) * D_n$$

Onde

Kn	Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)
Ko	Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)
Un	Nº usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)
Uo	Nº usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)
Pbn	Prezo billete
Pk	Prezo coche-km.
Dn	Nº días lectivos/mes (ano liquidación)
Do	Nº días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)

Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresarálle ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza mensualmente.

O prazo de vixencia do acordo prevese até o 31 de decembro de 2010: no obstante si durante o período de prestación do servizo e como consecuencia do estudo de transporte colectivo urbano ao CUVI, propónse a modificación do mesmo ou os resultados das liquidacións efectuadas dacordo coa anterior fórmula agótase o crédito existente, poderá adoptarse un novo acordo .

3º.- Aprobar o gasto e a disponibilidad do crédito que se deriven do contido da modificación do servizo proposta até un importe de 1.050.000 euros con cargo á partida 51304700000 Subvención Lanzadeiras do orzamento prorrogado correspondente ao ano 2010.

21(298).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTENIMENTO DOS PARQUES FORESTAIS NO MES DE XANEIRO 2010. EXPTE. 5080/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 26.02.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 11.02.10, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de xaneiro de 2010, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

22(299).- MODIFICACIÓN NO LISTADO DE AMPLIACIÓN DE ZONAS VERDES APROBADO NA X.GOVERNO LOCAL DO 4.04.09. EXPTE. 5104/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Parques e Xardíns, do 5.03.10, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o novo listado de ampliación de zonas verdes onde queda compensada a superficie de Navia que aínda non procede o seu mantemento.

NOVAS ZONAS VERDES:

- Xardíns PAU Navia.....	1,0695 x 29.463,87€/Ha-ano=	31.511,60 €
- Rotonda Pedro Alvarado.....	0,0080 Has x 43.871,52 €/Ha-ano =	350,97 €
- Rotonda de Sta. Cristina	0,0020 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	87,74 €
- Xardíns parte posterior Mercado Teis	0,0480 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	2.015,83 €
- Viña Grande	0,1633 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	7.164,22 €
- Rotondas Centro Comercial Gran Vía	0,0960 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	4.211,56 €
- Zona verde fronte a Estación de Autobuses.....	0,4168 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	18.285,65 €
- Parque Elisardo Da Costa.....	0,5519 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	18.134,82 €
- Xardíns rúa Venezuela Blein Budiño.....	0,0268 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	1.175,76 €
- Ampliación Alameda dos Vello (Beade).....	0,1229 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	5.391,81 €
- Ampliación Fontáns e Illa Panasco.....	0,0208 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	912,53 €
- Baixada a Rios.....	0,1026 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	4.501,22 €
- Pintor Colmeiro.....	0,4303 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	18.877,91 €
- Rotonda Meixoeiro.....	0,254 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	11.143,37 €
- Praza Colexio Arquitectos.....	0,0870 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	3.816,82 €
- Ernesto Lecuona.....	0,2026 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	8.888,37 €
- Medianas Navia.....	0,1637 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	7.181,77 €
- Rotonda Aeroporto (ampliación).....	0,25767 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	11.304,37 €
- Rotonda detras Hospital Mapfre.....	0,035589 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	1.561,34 €
- José Franco Montes.....	0,12093 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	5.305,38 €
- Luis Ksado (aumento).....	0,2048 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	8.984,89 €
- Eugenio Kraff (aumento).....	0,065985 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	2.894,86 €
- Quintela/Angel Llanos (noiro).....	0,0145Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	636,14 €
- Rúa Tui – Coia (ampliación).....	0,15 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	6.580,73 €
- Guardería Pardaiña.....	0,280111 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	12.288,90 €
- Rotonda rúa Florida.....	0,01131 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	496,19 €
- Urbanización Rocío.....	0,9179484 Has x 32.858,88 €/Ha-ano=	30.162,71 €
- Rúa Chao.....	0,016084 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	705,63 €
- Miraflores.....	0,008386 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	367,91 €
- Martínez Garrido 10.....	0,0007812 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	34,27 €
- Ampliación C. Victoria -rotonda rúa Baiona.....	0,0353622 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	1.551,39 €
- Ampliación Carril.....	0,130725 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	5.735,10 €
- Alameda A Grileira.....	0,03162 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	1.387,22 €
- Parque Camiño do Meixoeiro.....	0,17798966Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	7.808,68 €
- Guardería Pedro Alvarado.....	0,07874Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	3.454,44 €
- Pedro Alvarado, anexos guardería.....	0,0543 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	2.382,22 €
- Tomada – San Paio de Navia.....	0,6033 Has x 32.858,88 €/Ha-ano=	19.823,76 €
- Pedro Alvarado 11-13.....	0,2394 Has x 43.871,52 €/Ha-ano=	10.502,84 €
- 1.686 unidades de arborano nas rúas.....65,7 €/ano =	110.770,20 €
- 666 unidades de xardiñeiras.....	258,52€/ano=	<u>172.174,32 €</u>

Valoración total Novo listado.....560.655,58 €

Valoración total antigo listado (achégase copia).....560.655,58 €

23(300).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA OBRA DE DERRIBO DE EDIFICACIÓNS MUNICIPAIS NA RÚA ALTA-CHAO. EXPTE. 5489/307.

Examinadas as actuacións do expediente e dea cordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 08.03.10, conformado polo delegado de Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de demolición das edificacións municipais situadas na rúa Alta-Chao do Casco Vello, presentado pola empresa adxudicataria das obras “SÁNCHEZ ÁLVAREZ, S.L.”, na data do 05/03/2010.

2º.- Aprobar o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde proposto pola empresa adxudicataria da redacción do estudio de seguridade e saúde das obras, d. Domiro Sousa López.

3º.- Aprobar o nomeamento dos técnicos municipais Juan Aguirre e Juan Hansen como supervisores municipais das obras de demolición.

24(302).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE ÁS FUNCIONARIAS Dª ANA MARÍA FERNÁNDEZ IGLESIAS E Dª Mª JOSÉ MARTÍNEZ AREA POR ENCOMENDA DE FUNCIONS. EXPTE. 1383/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 8.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar as funcionarias Dª Ana Mª Fernández Arias con NP 79391 e a Dª Mª José Martínez Area con NP 21953, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos , un complemento de produtividade a cada unha delas, correspondente ao período comprendido entre o 26 de setembro ao 31 de decembro de 2009 , por importe de 1569.51 €, e 1301.97 € respectivamente, polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando, segundo resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 25 de setembro de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2871,49 € en concepto de produtividade a favor das funcionarias Dª Ana Mª Fernández Arias con NP 79391 e a Dª Mª José Martínez Area con NP 21953, polo período comprendido entre o 26 de setembro ao 31 de decembro de 2009.segundo a seguinte dsitribucion.

D^a Ana M^a Fernández Arias con NP 79391 : 1569.51 €.

D^a M^a José Martínez Area con NP 21953 : 1301.97 €

3º.- Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, semade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, por un prazo de dez días.

25(303).- ABOAMENTO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A FUNCIONARIOS DOS SERVIZOS ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA DE FONTES PÚBLICAS. EXPTE. 19705/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecanicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuacion se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instruccións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesion de data 21 de xaneiro de 2009, correspondentes ao 3º e 4º trimestre do ano 2009:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	641,67 €
10725	Francisco Oterino Fernandez	479,11 €
79136	Francisco J Bea Puentes	491,56 €
		1.612,33 €

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1.612,33 € en concepto de productividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 7913623627, con cargo a la partida 12111500000, polo periodo comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2009.

26(304).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS AO FUNCIONARIO D. FRANCISCO DAVILA VIEITEZ. EXPTE. 19654/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do

8.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal D Francisco Davila Vieitez, con n de persoal 15119, un complemento de produtividade polo desenvolvemento das funcións encomendadas segundo Resolución de data 28 de maio de 2009 a cantidade de **573.34 €**, , importe calculado en función das diferencias retributivas mensuais entre os postos de Xefe de equipo e Capataz, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 28 de maio de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 573.34 € en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D Francisco Davila Vieitez, con n de persoal 15119 con cargo a la partida 1211150000, polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2009 ao 31 de xaneiro de 2010.

3º.- Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

27(305).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DE ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS DA FUNCIONARIA Dª ROSA Mª OTERO MALVAREZ. EXPTE. 4512/320.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 23.02.10, que di o seguinte:

Con data 5 de xaneiro de 2010, o xefe de Participación e Atención Cidadá, solicita a acumulacion das funcións do posto de administrativo na funcionaria Auxiliar Administrativa Rosa M· Otero Malvarez con nº de persoal 80568, tendo en conta as novas funcións asumidas pola Concellería de Participación Cidadá con motivo da delegación de atribucións de data 5 de xaneiro de 2004, acordo do Pleno de 29 de setembro de 2006 no que se aproba a “Guía de actuación para a recollida, tramitación e seguimento das queixas e suxestións, así como a situación en canto a persoal dos citados servizos nos que se atopan vacantes os postos de Xefa de negociado de Información por excedencia voluntaria do seu titular (se ben ditas funcións atopanse encomendadas a administrativa do Servizo de Atención Cidadá, por Resolución de data 18 de abril de 2005) , un posto de auxiliar administrativo do Servizo de Atención Cidadá, un de Auxiliar administrativo do Servizo de Participación Cidadá que prestaba os seus servizos na oficina de Distritos e un posto de Xefe de Equipo de Oficinas por xubilación do seu titular. Así mesmo, nos devanditos servizos unha auxiliar é membro da Xunta de Persoal e como tal ten dereito a uso das horas sindicais legalmente prevista e dúas administrativas veñen padecendo sucesivas baixas por enfermidade, o que está a obrigar que as súas funcións sexan desenvolvidas polo demais persoal dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos de atención e Participación Cidadá a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a. Rosa M. Otero Malvarez con nº de persoal 80568, auxiliar de administración xeral do Concello, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, con carácter provisional, as funcións de administrativo de admon xeral na Área de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(306).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS DA FUNCIONARIA D^a M^a JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 19716/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 23.02.10, que di o seguinte:

As necesidades de persoal técnico no Servizo de Recursos Humanos, postas de manifesto no escrito remitido pola Xefa do Servizo en data 04/12/2008, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior e non solventadas ata a data, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal

coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións de técnico de xestión, propias dos funcionarios encadrado no subgrupo A2, á funcionaria D^a M^a José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, a cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente realizada á funcionaria D^a M^a José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, funcións de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á adscripción du nha praza e correspondente posto de traballo asociado de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

29(307).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONES DA FUNCIONARIA D^a JUANA ABALDE POSADA. EXPTE. 19717/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 23.02.10, que di o seguinte:

As necesidades de persoal no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), encadrado na estrutura do Servizo de Recursos Humanos, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo; necesidades postas de manifesto no escrito da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 24/02/2009, situacións aínda non resoltas.

Adicionalmente, e debido ao cambio de ubicación física do citado SPPRL, resulta imprescindible que exista un nexo de unión entre o mesmo e Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de posibilita-la tramitación dos aspectos que impliquen relación cos negociados de Seguridade Social e de Persoal (Contratación). Así, e sen prexuízo da dotación de efectivos adicionais para o reforzamento do SPPRL, estímase oportuno encomendar temporalmente e con carácter provisional funcións propias de auxiliar de admón. Xeral (subgrupo C2) no SPPRL á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente, á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos, funcións propias de auxiliar de admón. Xeral no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección das técnicas de Prevención de Riscos Laborais e da propia Xefatura do Servizo de destino.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscripción dunha praza -e correspondente posto de traballo asociado- de auxiliar de admón. xeral ao SPPRL, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

30(308).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a DOLORES BLANCO BEJEGA. EXPTE. 19718/220.

Dáse do informe-proposta da técnico de Xestión, do 24.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 17 de febreiro de 2010, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 100024181), D^a M^a Dolores Blanco Bejega, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Rexistro Xeral, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado da súa nai, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta informe médico do estado de salud da súa nai, no que se indica a necesidade de asistencia domiciliaria.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a M^a Dolores Blanco Bejega, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Rexistro Xeral, un permiso retribuído do 22 de febreiro ao 23 de marzo de 2010, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa nai.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

31(309).- RECLAMACIÓN DE CANTIDADE FORMULADA POLO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. CELSO ALONSO BLANCO. EXPTE. 19697/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 26.02.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 01/04/2009 (documento nº 90046198) o funcionario municipal D. Celso Alonso Blanco, con nº de persoal 17070, adscrito á Policía Local, solicita o recoñecemento do dereito á percepción das cantidades que consigna no propio escrito, derivadas do período de suspensión de emprego e soldo derivado dos feitos sancionados por Sentenza de 19 de abril de 1999, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra.

2.- O reingreso do referido funcionario foi autorizado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro do 2006, previo o outorgamento do indulto parcial efectuado en acordo do Consello de Ministros do 25 de novembro do 2005 (publicado no BOE de 16/12/2005).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Para a resolución da reclamación formulada, debe considerarse a mesma dende unha óptica que permita unha adecuada análise da institución do dereito de gracia ou indulto, os seus efectos e alcance e a súa configuración na doutrina penal e na Xurisprudencia.

O vixente Código Penal, aprobado por Lei Orgánica 1/1995, do 23 de novembro, establece no seu artigo 130 que unha das causas de extinción da responsabilidade criminal é o indulto (apartado 4), figura regulada na todavía vixente Lei do 18 de xuño de 1870, pola que se establecen regras para o exercicio da Gracia de Indulto, modificada por Lei 1/1988, do 14 de xaneiro, que establece no seu artigo 4 as clases e efectos do indulto; en concreto, contempla que será indulto parcial a remisión de todas as penas ás que fose condenado e que todavía non tivesen sido cumpridas, reputándose igualmente indulto parcial a conmutación da pena ou penas impostas ao delincente noutras menos graves.

O Real Decreto 1424/2005, do 25 de novembro, polo que se procedeu ao indulto parcial do solicitante, establece –entre outros aspectos- a conmutación da pena de inhabilitación absoluta imposta pola de dous anos de suspensión de emprego ou cargo público sometida a condición.

A natureza xurídica do indulto determina que este instituto xurídico se defina, entre outros rasgos, pola falta de carácter retroactivo do mesmo, a diferenza do que sucede coa institución da amnistía, o cal conleva inherente que os efectos da condena penal previos ao outorgamento do indulto non se vexan afectados por éste.

Como sinala a doutrina especializada en relación á institución do indulto (Sánchez-Vera Gómez-Trelles, J., publicación especializada en InDret 2/2008, nº de referencia SEJ2004-04504/Juri):

“No es que el delito se niegue o se “extinga”, como en ocasiones se ha pretendido, sino que, por el contrario, se expresa tan sólo una renuncia a la pena cuando su no aplicación produce más ventajas que inconvenientes. Ninguna de dichas causas, por tanto, es proyectada sobre el delito –el cual ya ha existido y es perfecto–, sino sobre la pena; o, si se quiere, no sobre la punibilidad, sino sobre su proceso de concreción, e incluso, más particularmente, en algunos casos –como de forma habitual, precisamente, en el indulto–, cuando la misma ya ha entrado en la fase de ejecución.

Se contempla la pena y no, por ende, el delito. Se actúa sobre aquélla, y no sobre la punibilidad. De suerte que tales causas ni extinguen el delito, ni tampoco lo niegan: el delito ya ha existido, ha pasado si se quiere, pero no desaparece, ni se niega, sino que es, precisamente, el presupuesto “sine qua non” de la media de gracia.

Con estas causas, por consiguiente, la punibilidad no se ve menoscabada, ni tampoco así elemento alguno de la estructura del delito, puesto que aquélla subsiste, abstractamente, en la previsión de la norma. A pesar de ello, la institución del indulto puede que afecte a la restauración de la vigencia de la norma: la norma, tras la comisión del delito, se estabiliza habitualmente mediante la pena (la negación hegeliana de la negación que es el delito) y toda clemencia irrumpe de forma abrupta en dicha estabilización, desestabilizando el propio sistema. Importa pues, y mucho, que la pena no se aplique, o que su ejecución se vea interrumpida; aunque el delito se encuentre completo y afirmados todos y cada uno de sus elementos constitutivos, no se produce de forma completa la reafirmación de la vigencia de la norma: si bien se da un primer paso para ello mediante la firmeza de la sentencia que impone la pena aspecto simbólico y, por ende, ya comunicativamente relevante–, debiera ser necesaria también su ejecución –las sentencias claman por ser ejecutadas, se dice con razón–. Son dudas éstas que aquí son traídas de la mano de una concepción del Derecho penal como estabilizador de las expectativas dentro de un sistema constitucional de derechos fundamentales, pero que probablemente puedan ser predicadas igualmente desde otras perspectivas: desde las teorías de la prevención especial, desde la prevención general negativa, y otras.”

No suposto que nos ocupa, a suspensión de emprego e soldo foi acordada en execución da propia sentenza, e non de expediente administrativo disciplinario, polo cal non procede estimar a reclamación económica formulada.

II.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en relación ao persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada en escrito de data 01/04/2009 (nº de rexistro de entrada 90046198) polo funcionario municipal D. Celso Alonso Blanco, con nº de persoal 17070, sobre reclamación de retribucións, en atención aos fundamentos xurídicos expresados no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(310).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Á FUNCIONARIA Dª BEATRIZ ALONSO ASENJO. EXPTE. 19460/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 27.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á funcionaria municipal con posto de arquitecta-técnica adscrita ao Servizo OSPIO, D Beatriz Alonso Asenjo, con n de persoal 15651 e DNI 35991455, un complemento de produtividade por importe de 3517,15 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino do posto 180 “Arquitecto técnico”, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 24 de marzo de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer a cantidade de 3517.15€ en concepto de produtividade a favor de , D Beatriz Alonso Asenjo, con n de persoal 15651 e DNI 35991455 con cargo a la partida 12101500000.

3º.- Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

33(311).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS DA FUNCIONARIA Dª ROSA Mª OTERO MALVAREZ. EXPTE. 4454/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do

25.01.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez, un complemento de produtividade por importe de 1242,93 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento destino do posto 105 “Administrativo”, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 1 de outubro de 2009, polo período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1242,93 € en concepto de produtividade a favor da funcionaria D^a Rosa M^a Otero Malvarez, con cargo a la partida 12111500000, polo período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2009

Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

34(312).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a MILAGROS DIZ FREITAS. EXPTE. 19726/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 5.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 4 de marzo de 2010, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 100031735), D^a Milagros Diz Freitas, administrativade administración xeral, adscrita ao Servizo de Patrimonio, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado da súa nai, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta informe médico do estado de salud da súa nai, no que se indica a necesidade de asistencia domiciliaria.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en

canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Milagros Diz Freitas, administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo de Patrimonio, un permiso retribuído do 8 de marzo ao 6 de abril de 2010, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa nai.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

35(313).- EXECUCIÓN PROVIDENCIA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 5 DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 189/08. -EXECUCIÓN NÚM. 61/2009, SOBRE DESPIDO DE D. CARLOS SAHUQUILLO FRANCO. EXPTE. 19707/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.03.10, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.02.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 13 de xaneiro de dous mil nove a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de suplicación nº 3134/2008, interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo sobre reclamación de despido interposto por D. Carlos Sahuquillo, estimatoria da demanda.

Na sentenza dictada en suplicación o TSXG desestima dito recurso confirmando integramente e en todos os seus pronunciamentos a sentenza do Xulgado do Social nº 5 , na que se falla literalmente que:

“Que ESTIMANDO la demanda que en materia de DESPIDO ha sido interpuesta por D. CARLOS SAHUQUILLO FRANCO contra el CONCELLO DE VIGO, debo declarar y declaro la IMPROCEDENCIA del DESPIDO DEL QUE EL ACTOR FUE OBJETO EL 31 DE DICIEMBRE DE 2007, condenando a la demandada a que en el plazo de CINCO DIAS opte entre readmitir al trabajador a su anterior puesto de trabajo en las condiciones existentes a fecha del despido o a que lo indemnice en la cantidad de DIECINUEVE MIL SETECIENTOS VEINTINUEVE CON CINCUENTA Y SIETE EUROS (19.729,57 euros), debiendo abonar en ambos casos los salarios de tramitación devengados entre el día del despido y la fecha de notificación de esta resolución a razón de 97,43 euros diarios.”

Optando o Concello pola indemnización e abono de salarios de tramitación.

3.- En data 6 de febreiro de dous mil nove, remítese polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia notificación na que se comunica que transcorrido o prazo legal establecido, ningunha das partes preparou recurso de Casación para a unificación de doutrina.

4.- Dita sentenza executouse por este Concello por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2009.

5.- En data 16 de febreiro de 2010, é remitida a este Servizo de Recursos Humanos pola representación legal do Concello, Providencia do Xulgado do Social nº 5 na execución 61/2009, na que se insta ao Concello para proceder ao abono das diferenzas por salarios de tramitación.

6.- Como consecuencia dos anteriores feitos con data 24 de febreiro de 2010 pola técnica de xestión deste Servizo de Recursos Humanos realizase informe-técnico en base ao expediente xa tramitado (19424-220) de execución de sentenza e a providencia do Xulgado do Social nº 5 coa documentación achegada (nóminas do interesado), polo que o importe líquido que deberá percibir o Sr. Sahuquillo será de 2.419,29 € correspondentes as diferenzas de salarios de tramitación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á providencia do Xulgado do Social Nº 5 na execución 61/09, nos autos seguidos a instancia de D. Carlos Sahuquillo Franco, en relación coa sentenza 178/2008 do Xulgado do Social nº 5 dos de Vigo e sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 13 de xaneiro de 2009, de abono de diferencias salarios de tramitación.

SEGUNDO.- Ordear que se proceda ao abono da contía de 2.419,30 € en concepto de salarios de tramitación, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1871 30 0000000000 co concepto: 3630-0000-64-006109

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L02) á seguridade social e pola Intervención Xeral a liquidación de IRPF, por importe de 461,40 €.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(314).- BASES SELECCIÓN CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DE 3 AUXILIARES DE LABORATORIO. EXPTE. 19722/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.03.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 3.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal en prácticas, previa selección, de tres auxiliares de laboratorio, ao abeiro do exposto no Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da Directora do Laboratorio Municipal de data 11 de febreiro de 2010 e, en consecuencia, autoriza-lo correspondente gasto por importe de 103.345,20€, con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 –“outras modalidades de contratación temporal”, para facer fronte a referida contratación laboral temporal en prácticas.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

Terceiro.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, tras a finalización do proceso de selección, se proceda á formalización do contrato laboral-temporal en prácticas, polo período dun ano, prorrogable por outro, ó amparo do disposto no Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, do/da candidato/a proposto/a polo citado Órgano de Selección. Durante o desenvolvemento do contrato, os seleccionados percibirán o 60% das retribucións do posto durante o primeiro ano e o 75% durante o segundo, do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente o posto de traballo de Auxiliar de Laboratorio que figura na Relación de Postos de Traballo vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, publicada no BOP de 18 de marzo seguinte e, sendo adscrito/a ao Laboratorio Municipal, Cód. 313.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán subscribi-lo seu contrato en prácticas no prazo dun mes a contar desde o seguinte a notificación da oportuna resolución de nomeamento.

Os/as candidatos/as propostos/as deberán aportar no Servizo de RR.HH. deste Concello os orixinais da titulación esixida, Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria, vida laboral actualizada e certificado médico ao que se refire o apartado b) da base 1ª das que rexen a presente convocatoria.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde ou noite, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en fun-

ción da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente. Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.

Sexto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa”.

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL EN PRACTICAS DE TRES AUXILIARES DE LABORATORIO”

I. OBXETO DA CONVOCATORIA

A contratación en réxime laboral temporal, en prácticas, por un período dun ano prorrogable por outro máis de tres auxiliares de laboratorio.

II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*
- b) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na Disposición Adicional 19ª da Lei 30/8, na redacción dada pola Lei 53/03, de 10 de decembro.*
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudi-*

cial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión das seguintes titulacións: *Formación Profesional: Sanidade: Ciclo formativo de grao superior de dietética e saúde ambiental, ou Química: Ciclo formativo de grao medio laboratorio ou de grao superior de laboratorio de análise e control ou química ambiental, e ter rematado os seus estudos nos catro anos inmediatamente anteriores á data en que teñan lugar as contratacións. A estes efectos o cumprimento do servizo militar ou da prestación social substitutoria interromperá o cómputo do citado prazo; así mesmo, no caso de emigrantes titulados no extranxeiro o cómputo efectuarase desde a data de convalidación dos seus estudos en España. Estes extremos acreditaranse con certificación ó efecto.*

f) *Non haber traballado en prácticas ou habelo feito durante dous anos; neste caso o período máximo de prácticas extenderase ó tempo que lle falte para cumprir dito período.*

g) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 18,15 €, segundo as vixentes ordenanzas fiscais.*

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org)

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con copia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con copia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto e, o do apartado g) achegando á instancia a carta de pagamento.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concorde aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

IV.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo órgano de selección antes de iniciar o exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver un suposto práctico relacionado coa parte específica do temario, que pode constar de varios exercicios, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, o órgano de selección propondrá aos candidato/a que obteñan as maiores puntuacións, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para a súa contratación laboral en prácticas, previsto no Real Decreto 488/2, do 27 de marzo, que desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de mais difusión na prensa local. A instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base II anterior (Condicións dos/as aspirantes e acreditación documental).

VI.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do órgano de selección, poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de cinco días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial do Concello de Vigo, encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala de administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira deste Concello, integrado como mínimo no subgrupo C2 de titulación, con título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, tamén como mínimo, que comparecerá en todo caso a título individual, proposto polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, integrados como mínimo no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultáneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico-administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal en prácticas, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.

T E M A R I O
BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- *A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.*
- Tema 2.- *Organización municipal. Competencias.*
- Tema 3.- *Dereitos e deberes dos traballadores segundo o Estatuto. Faltas e sancións, procedemento sancionador do persoal laboral segundo o Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos traballadores ó servicio do Concello de Vigo.*

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- TEMA 1.- *Materiales habituales en el Laboratorio, técnicas de limpieza y preparación de material. Desinfección y esterilización.*
- TEMA 2.- *Toma de muestras de aguas y alimentos: equipo y material de muestreo. Transporte e identificación.*
- TEMA 3.- *Equipos de pesada y temperatura. Tipos, mantenimiento, calibración y verificación.*
- TEMA 4.- *La seguridad en el laboratorio químico. Medidas generales de seguridad, señalización, almacenamiento de productos y tratamiento de residuos.*
- TEMA 5.- *La seguridad en el laboratorio microbiológico. Medidas generales de seguridad, cabinas de seguridad, señalización, almacenamiento de productos y tratamiento de residuos. Manejo de muestras biológicas.*
- TEMA 6.- *Medios de cultivo. Tipos y técnicas de preparación. Control de calidad.*
- TEMA 7.- *Análisis volumétrico. Patrón primario. Indicadores. Volumetrías ácido-base. Volumetrías de precipitación. Volumetrías redox y complexometrías.*
- TEMA 8.- *Reacción ácido-base, reacción oxidación-reducción y reacción de precipitación. Aplicaciones y medida de pH y potencial de reducción.*
- TEMA 9.- *Análisis instrumental: medida de ph y conductividad en aguas por métodos eléctricos.*
- TEMA 10.- *Análisis gravimétrico. Secado, centrifugación, extracción, cristalización, destilación y filtración.*
- TEMA 11.- *Aguas de consumo humano y de recreo. Técnicas de detección, recuento e identificación de microorganismos.*
- TEMA 12.- *Técnicas de Tinción en microbiología. Fundamentos y tipos.*
- TEMA 13.- *Identificación bioquímica de bacterias. Determinación del metabolismo energético (catalasa y oxidasa), metabolismo proteico (coagulasa, indol, SH₂ y ureasa) y meta-*

bolismo hidrocarbonado (citrato, rojo de metilo, Voges Proskauer). Sistema multi-prueba mediante TSI (agar hierro triple azúcar).

TEMA 14.- *Aseguramiento de la calidad. Documentación, registros, procedimientos. Controles internos y externos.*

37(315).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUNHA ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL. EXPTE. 19723/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.03.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 3.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dunha funcionaria interina por acumulación de tarefas, como enxeñeira técnica industrial, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras, contidas no escrito de data 24 de febreiro de 2010.

2º.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como enxeñeira técnica industrial por un período máximo de seis meses, á Dª. Mª. JESUS FRUTOS VIÑAS, DNI 11.967.012-C, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha enxeñeiro/a técnico/a industrial, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de maio do 2009 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autoriza-lo gasto por importe de 20.928,27€, con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

4º.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

38(316).- GASTOS LOCOMOCIÓN XANEIRO 2010. EXPTE. 19720/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 5.03.10, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 8.108,66 €, correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-O.S.P.I.O, Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Benestar Social, Museo Castrelos, Inspección de Tributos e Igualdade, correspondentes ao mes de xaneiro de 2010, aínda que se inclúen doutros meses, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
4420	Limpeza	208,24 €
5110	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	4.074,09 €
2220	Mobilidade e Seguridade	1.531,21 €
1210	Conserxería	502,36 €
3220	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	279,83 €
4430	Cemiterios	53,77 €
3130	Benestar Social	36,48 €
4513	Museo de Castrelos	178,04 €
6110	Inspección de Tributos	1.219,61 €
4632	Igualdade	25,03 €
	TOTAL	8.108,66 €

39(317).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PROMOCIONES DELMIRO ÁLVAREZ S.C. CONSTITUÍDO POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN POLA RÚA BARREIRA, 6. EXPTE. 60944/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.04.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 19/02/2010 Promociones Delmiro Álvarez S.C. . con C.I.F. J36421568 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 15/02/2010 número de operación 20100006699 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 12.000,00€, motivado polo permiso de circulación pola rúa Barreira, 6.

No informe de inspección de data 08/02/2010, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedaron en perfectas condicións.

Polo que, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 12.000,00 € (doce mil euros), a favor de Promociones Delmiro Álvarez S.C. .

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 12.000,00 € (doce mil euros), a favor de Promociones Delmiro Álvarez S.C.

40(318).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “PROXECTO DA AVDA. SAN PAIO- NAVIA, DE REMODELACIÓN DA ALAMEDA EMILIO CRESPO CANO”. EXPTE. 1192/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 5.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra PROXECTO DA AVDA. SAN PAIO - NAVIA. DE REMODELACIÓN ALAMEDA EMILIO CRESPO CANO .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra PROXECTO DA AVDA. SAN PAIO - NAVIA. DE REMODELACIÓN ALAMEDA EMILIO CRESPO CANO .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria OBRAS, REFORMAS Y SA-NEAMIENTOS, S.L , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

41(319).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ARRIBA” EXPTE. 1194/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 5.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ARRIBA .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ARRIBA .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONTRUCCIONES CRESPO,S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

42(320).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MUIÑOS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 1184/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 5.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MUIÑOS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MUIÑOS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria HIDROSCIVIL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

43(321).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO SANÍN-CASAS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 1183/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO SANIN-CASAS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO SANIN-CASAS, COMESAÑA, NA CIDADE DE VIGO .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

44(322).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓNS NA RÚA CURROS, ENTRE AS RÚAS SANTA CRISTINA E TRAVESÍA CURROS”. EXPTE. 1188/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓNS NA RÚA CURROS, ENTRE AS RÚAS SANTA CRISTINA E TRAVESÍA CURROS .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra ACTUACIÓNS NA RÚA CURROS, ENTRE AS RÚAS SANTA CRISTINA E TRAVESÍA CURROS .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

45(323).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ENTORNO IGREXA ZAMÁNS BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA ESTRADA DE IGREXA”. EXPTE. 1200/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ENTORNO IGREXA ZAMÁNS BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA CARRETERA DA IGREXA .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra ENTORNO IGREXA ZAMÁNS BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA CARRETERA DA IGREXA .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

46(324).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA ESPEDRIGADA”. EXPTE. 1180/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 11.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA ESPEDRIGADA .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA ESPEDRIGADA .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

47(325.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA A LAXE, SÁRDOMA, NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 1196/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA A LAXE, SÁRDOMA, NA CIDADE DE VIGO .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA A LAXE, SÁRDOMA, NA CIDADE DE VIGO .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS, S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autorida-

de Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

48(326).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA FRAGOSELO. FASE 1”. EXPTE. 1185/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA CARRETERA FRAGOSELO. FASE 1 .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA CARRETERA FRAGOSELO. FASE 1 .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ALDASA CONSTRUCTORA, S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

49(327).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA MARCOSENDE”. EXPTE. 1199/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 10.03.10, asinado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas e o xefe da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA MARCOSENDE .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra BEIRARRÚAS E SERVIZOS RÚA MARCOSENDE .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

50(328).- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA DE VIGO. FASE 4. TRAMO ENTRE AS RÚAS NUMANCIA E URZÁIZ. EXPTE. 228/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 11.03.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 31 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoptou o acordo de adxudicar o expediente 57.614/250 do Proxecto de Humanización da Rúa Travesía de Vigo. Fase 4. Tramo entre as Rúas Numancia e Urzáiz, á UTE Conslar Galicia, S.L. – Compañía Auxiliar de Minería, S.A.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra

Dacordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 11 de marzo, estas variacións consisten principalmente en:

- o *Modificación das aliñacións de proxecto de xeito de axustalas á realidade topográfica da rúa.*
- o *Execución do pavimento de beirarrúas con loseta de pedra. En xeral utilizarase granigo “Gris Alba” de 60 x 40 x 4, con recercados “Rosa Porriño” de 80 x 40 x 6 e vados peonís en “Vermello Venezuela”.*
- o *Execución de pavimentación entre os números 175 ata 239 e desde o número 180 ao número 200, cos mesmos criterios de acabados superficiais indicados anteriormente.*

- o *Execución do pavimento dos aparcadoiros mediante mesturas bituminosas en quente.*
- o *Substitución dos alcorques previstos por alcorques drenantes de 800 x 800 mm.*

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” do proxecto de Humanización da Rúa Travesía de Vigo. Fase 4. Tramo entre as Rúas Numancia e Urzáiz.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(329).- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CALVARIO, 2ª FASE. RÚA EXTREMADURA. EXPTE. 227/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 11.03.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 24 de novembro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 57.616/250 do Proxecto de Humanización do entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Extremadura, a empresa Xestión Ambiental de Contratas.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obr.

Dacordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 10 de marzo, estas variacións consisten principalmente en:

- *Substitución do pavimento de calzada de pedra gris Mondariz 60 x 40 x 12 cm., por mezcla bituminosa D-12.*
- *Inclusión de bordo biselado de separación entre beirarrúa e calzada con 6 cm. vistos.*
- *Execución da Rúa Monforte de Lemos cos mesmos criterios de acabados superficial que a Rúa Extremadura.*

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” do proxecto inicial de Humanización do Entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Extremadura*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(330).- ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA SITA NA RÚA PANAMÁ Nº 12-14. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 12208/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 1.03.10, asinado polo técnico de Admón. Xeral e o arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento-Xestión, e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. *En data 23.09.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU unha solicitude presentada por “Promociones Panamá 14, S.A.” (Doc. nº 90136224) coa que se achegaban dúas copias da documentación correspondente ó «ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES PARCELA R/PANAMÁ 12-14», redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García, con visado do COAG de data 22.09.2009.*

I.2. *Tal documentación foi completada e corrixida a teor dos requirimentos municipais de datas 04.11.2009 e 03.02.2010, coa presentada posteriormente o 18.11.2009 (Doc. nº 90166540), con visado colexial do 16.11.2009 e o 22.02.2010 (Doc. nº 100026100), con planos reformados visados o 19.02.2010.*

I.3. *O 18.12.2009, o aparelador municipal, adxunto ó Director de Planeamento – Xestión da XMU emitiu informe técnico sobre o asunto, ratificándose nel no informe ampliatorio asinado con data 26.02.2010.*

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O precitado informe técnico do adxunto ó Director da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU do 18.12.2009 é do seguinte teor literal:

«Con data 23 de setembro de 2009 e por parte da mercantil Panamá 14, S.A., presentase un estudio de detalle de ordenación de volumes dunha parcela cualificada coa ordenanza 3 de edificación en manzana pechada sita na rúa Panamá, nº12-14.

O solicitante xustifica o estudio de detalle (artigo 73.1 da LOUGA) en base ó contido da modificación do título IX de normas particulares de uso do plan xeral vixente aprobadas pola orden de 13 de xullo de 2009 da CPTOPT, en concreto no artigo 9.3.11 de altura da edificación, que textualmente di:

Na Ordenanza tres “Edificación en couzada pechada”, engádenselle dous novos parágrafos 7 e 8 ao artigo 9.3.11 “Altura da edificación”, coa redacción seguinte:

7. En determinados casos, debidamente xustificadas, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente en aplicación do contido do artigo 104 da Lei 9/2002, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións linderais, cando estas superen notablemente a altura fixada no Plan Xeral e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no punto 1 deste artigo que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin de un máximo de (11) plantas. Para elo, o Concello esixirá a presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e entorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas.

A ordenación do aproveitamento non poderá supera-lo dereito edificatorio máximo que corresponda, é dicir, o que resultaría de aplicar as alturas establecidas no punto 1, polo que a ordenación do volume do edificio deberá optar por solucións nas que en unha ou mais plantas se reduza a ocupación. Non serán admitidas propostas que supoñan a creación de novas medianeiras.

O contido e determinacións do estudo de detalle suxeitarase ao disposto no artigo 73 da Lei 9/2002.

8. Considérase como altura mínima aquela que teña dúas plantas ou seis metros menos que a altura máxima permitida.”

Na Ordenanza tres “Edificación en couzada pechada”, modifícase o primeiro parágrafo do artigo 9.3.14 “Condicións de ocupación da edificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 9.3.14 Condicións de ocupación da edificación 1. A edificación deberá mante-lo fondo edificable definido no artigo 9.3.10 en tódalas plantas superiores á baixa. Coa única excepción das condicións particulares que puidesen aprobarse en aplicación do establecido no punto 7 do anterior Artigo 9.3.11.”

Á vista do exposto e da documentación obrante no expediente presentado, o técnico que subscribe informa:

A propiedade figura de acordo ó plan xeral vixente, cualificada coa ordenanza 3 de manzana pechada e lle corresponde polas determinacións da citada ordenanza unha altura de cinco (5) plantas equivalente a 18,50 metros en función do ancho da rúa a que fai fronte.

En canto ó fondo edificable ou aliñación interior, o artigo 9.3.10 das nn.uu., especifica que:

1. O fondo máximo edificable está delimitado polas aliñacións interiores de patio de couzada nos Planos de Ordenación Pormenorizada, con anchos que varían entre quince (15) metros e vintecinco (25) metros de fondo. No suposto de que nalgún caso non estivese definida a aliñación interior, a nova edificación non poderá exceder-las vintecinco (25) metros, medidos ortogonalmente en tódolos puntos da fachada.

2. Os fondos edificables así definidos son obrigatorios polo que as parcelas cuxo fondo real sexa inferior ó edificable máis tres (3) metros, para garanti-lo dereito de luces e vistas, atoparanse na condición de inedificables establecida no Artigo 6.2.11, polo que deberá proceder á súa regularización por algún dos procedementos establecidos no Artigo 6.2.12, ambos das Normas Urbanísticas.

3. Aquelas parcelas que non atinxan o fondo máximo edificable incrementado en tres (3) metros, polo que a súa dimensión non alcance a mínima para poder edificar, que teñan polo tanto a condición de inedificables e deban incorporar parcelas ou parte de parcelas interiores, deberán garantir que a parcela finalmente agrupada teña sempre unha lonxitude do lindeiro de fondo igual ou maior que o da parcela da aliñación de rúa.

Neste caso non está definido en planos a aliñación interior polo que tendo en conta o citado, a aliñación sitúase a 3 metros do límite posterior da parcela, polo que o fondo edificable máximo situase entre os 16,93 e 18,52 metros da fachada.

Definido así o fondo máximo, o dereito edificatorio da parcela en aplicación do artigo 9.3.13. das nn.uu. do PXOM, é de 1.776,00 m² c, resultado do produto da área interior da poligonal, definida pola aliñación, os lindes laterais e a liña paralela a fachada como aliñación interior de Patio de Couzada establecido no Artigo 9.3.10 (355,20 m²) e o número de plantas.(5).

A resultante da ordenación do dereito edificatorio, é un sólido cunha ocupación en planta de 355,20 m² e unha altura de cinco plantas.

En canto á ordenación actual do resto da manzana, presenta nos seus lindes laterais edificacións residenciais colindantes dunha altura de nove plantas e 27,50 metros de altura no lateral dereito e de sete plantas e 22,70 metros de altura no lateral esquerdo. Esta diferenza de altura en nº de plantas orixina a aparición de paredes "medianeiras" cegas en ambos laterais e de alturas comprendidas entre 6 e 9 metros, equivalentes a dous e tres plantas respectivamente.

A proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza, nun sólido de sete plantas mantendo o dereito edificatorio.

A ordenación proposta non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas colindantes».

III.2. No posterior informe ampliatorio do mesmo técnico municipal, maniféstase que: «Con data 28 de xaneiro de 2010, a oficina de cartografía da xerencia de urbanismo emitiu informe sobre as alturas das edificacións colindantes ó solar obxecto de E.D. co fin de comprobar as medicións reais das mesmas. O citado informe e plano foi remitido ós interesados co fin de axustar os planos do E.D. ás medicións realizadas. Con data 23 de febreiro de 2010, no doc 100026100, foron presentados planos axustados ó informe de cartografía. Á vista da nova documentación aportada, o técnico que subscribe ratifícase no seu informe de data 18 de decembro de 2009 ó non alterarse polas novas medicións as condicións que motivaron o seu informe».

III.3. Establece o Art. 73 da LOUGA – e, en termos semellantes, o Art. 4.1.3 das NNUU do PXOM- que, en desenvolvemento dos Plans xerais, Plans parciais e especiais poderán redactarse Estudos de Detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

III.4. Os Estudos de Detalle en ningún caso poderán (Arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

III.5. Tocante á documentación esixible para esta clase de instrumentos, o Art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

3. Plano de situación no Termo Municipal.
4. Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, Escala mínima 1:500.
5. Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.
6. Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, Escala 1:500.
7. Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, Escala mínima 1:500.
8. Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no Estudo de Detalle.

Ademáis, de acordo co previsto no Art. 66.1 do RPU, os Estudos de Detalle conterán tamén unha Memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

III.6. No caso presente, a proposta de Estudio de Detalle presentada por “Promociones Panamá 14, S.A.” fórmulase ó abeiro do preceptuado, con carácter xeral, no Art. 73 da LOUGA e, especificamente, no Art. 9.3.11 apdo. 7 das NNUU do PXOM («Altura da edificación»), segundo o que, en determinados casos, debidamente xustificadas, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, cando estas superen notablemente a altura fixada no PXOM e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no Art. 9.3.11.1 das NNUU; que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin dun máximo de 11 plantas.

Nestes supostos, o Concello esixirá a presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e contorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas.

III.7. O ámbito de solo urbano consolidado obxecto deste Estudio de Detalle está conformado pola unidade urbana integrada polo edificio con fronte á rúa Venezuela nº 22 e os edificios con fronte á rúa Panamá sinalados cos núms. 12, 14 e 16.

III.8. Informa o aparelador municipal que a proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da Ordenanza aplicable (Ordenanza nº 3: «Edificación en couzada pechada») nun só-lido de sete (7) plantas, mantendo o dereito edificatorio que lle corresponde, sendo así que a ordenación proposta: «non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas colindantes».

III.9. Dispón o Art. 86.2 da LOUGA que os Estudios de Detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia e que, á vista dos resultados da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

III.10. A competencia para aprobar, inicial e definitivamente, o Estudio de Detalle corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86.2 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 12208/411, aprobar inicialmente o «Estudio de Detalle de ordenación de volumes – parcela r/Panamá 12-14», promovido pola mercantil “Promociones Panamá 14, S.L.” e redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García, con visado do COAG de datas 16.11.2009 e 19.02.2010 .

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo a todos os interesados, entre os que se contarán as Comunidades de Propietarios da rúa Panamá nº 16 e da rúa Venezuela nº 22, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

53(331).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS “HARMONIZACIÓN E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, FASE 4”. EXPTE. 1255/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 26.02.10, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo xefe da OSPIO, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HARMONIZACIÓN E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO. FASE 4 .
2. Aceptar o plan de xestión de residuos da obra HARMONIZACIÓN E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO. FASE 4 .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE CONSLAR GALICIA - COMPAÑIA AUXILIAR DE MINERÍA , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

54(332).- ADECUACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES DE ÉLITE POLO DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DOS EQUIPOS DE ÉLITE DAS MESMAS, APROBADOS EN X.GOVERNO LOCAL DO 11.03.10. EXPTE. 9418/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1. Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local aprobou o día 08/03/2010 o expediente 9320/333 referente ó convenio co C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto do seu equipo de elite na tempada 2009/2010.

Posteriormente, na Xunta de Goberno Local Extraordinaria celebrada o día 11/03/2010, aprobáronse os expedientes 9318/333, 9319/333, 9321/333 e 9322/333, referentes respectivamente ós convenios de colaboración coas entidades CD AMFIV, Club Vigo Voleibol, SD Octavio e Federación de Peñas El Olivo, polo desenvolvemento dos proxectos dos seus equipos de elite na tempada deportiva 2009/2010.

No Informe Proposta de cada un destes convenios consta que “a vixencia destes convenios é pola totalidade da tempada deportiva 2009/2010, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación dos mesmos no prazo comprendido entre a sinatura dos convenios e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva correspondente”.

Por outra banda, no pacto sétimo do clausulado dos convenios aprobados, consta que “A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”.

Tendo en conta a necesidade de adecuar estes dous criterios, que a tempada deportiva 2009/2010 atópase no derradeiro cuarto do seu desenvolvemento, que o proxecto subvencionado xa está executado na súa maior parte, e que a subvención que se adxudica en ningún caso supera o 50% dos presupostos presentados, é necesario axustar o pacto 7º dos convenios ao criterio que propón o informe proposta de aprobación dos convenios.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local,

- A corrección do pacto sétimo dos convenios coas entidades de elite referenciadas (Exptes. 9318/333, 9319/333, 9320/333, 9321/333 e 9322/333) para o desenvolvemento dos proxectos dos seus equipos de elite na tempada deportiva 2009/2010 no que se especifica o prazo establecido para a presentación da documentación xustificativa, que quedará da seguinte maneira:

“A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva correspondente, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos...”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(333).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “TRANSFORMACIÓN DE VIVENDA DO PORTEIRO DO CEIP ESCULTOR ACUÑA EN COMEDOR ESCOLAR”. EXPTE. 11500/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 10.03.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra TRANSFORMACIÓN DE VIVENDA DO PORTEIRO DO CEIP “ESCULTOR ACUÑA” EN COMEDOR ESCOLAR.
2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a empresa adxudicataria C.P.S. Empresa Constructora

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria GIZA INGENIERIA S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

56(334).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 50300/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.02.10, o informe de fiscalización do 11.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Benestar Social, do 1.03.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aproba-lo expediente de contratación do programa de redución do dano en medio aberto no ámbito territorial do Casco Vello, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 22-12-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21.01.2010.

2º.- Aproba-lo gasto de 64.200 euros, para a contratación do programa de redución do dano en medio aberto no ámbito territorial do Casco Vello, que se imputará á partida 3130.227.06.09 -outras actividades grupos desfavorecidos- e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2010: 48.150,00€

ano 2011: 16.050,00€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

57(335).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.